





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita número.: **29909**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a existencia dunha empresa de aeroliñas que opera dende Galicia e que verte na súa publicación críticas e prexuízos sobre a lingua galega."**, (publicada no BOPG núm.: 585 do 4 de xullo de 2008), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Política Lingüística**, que ten o seguinte contido:

"En resposta á pregunta formulada á nosa Secretaría Xeral, con nº de rexistro 29909, e relativa 'á existencia dunha empresa de aeroliñas que opera dende Galicia e que verte nunha súa publicación críticas e prexuízos sobre a lingua galega', facémoslle saber que:

1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística lamenta as manifestacións vertidas polo director executivo de Air Berlin, pois non se axusta á realidade global de sociedades heteroxéneas e plurais nas que é normal a convivencia de valores e actitudes, de linguas e culturas distintas. A propia actividade do transporte aéreo, en canto esixe a prestación dun mesmo servizo en distintos territorios, é un excelente exemplo de como esta convivencia pode ser unha realidade coherente coa obtención dun beneficio económico, e aínda coa creación dun activo intanxible e dun valor inmaterial proveitoso para as empresas. Esta mensaxe, no caso do galego, vén avalado polos datos dos distintos estudos que se teñen feito no ámbito privado, e que apuntan a que a atención ao cliente na súa lingua propia lle permite á empresa un achegamento (e, por tanto, unha eficacia) da súa comunicación como poucos outros instrumentos poden conseguir.

Por outra banda, outro dos puntos cos que o noso departamento non concorda é a politización do proceso normalizador e das accións de



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

dignificación do patrimonio lingüístico colectivo. A normalización lingüística é un mecanismo social de restitución do prestixio, de normalización de uso, e de proxección interior e exterior dunha lingua que é, en definitiva, signo de identidade de toda unha sociedade. As linguas, ademais, nada saben de formas de organización política, non resultando procedente facer certo tipo de asociacións, espurias en forma e fondo, ademais de inxustas para coa comunidade lingüística.

Por estes motivos, a SXPL non comparte estas manifestacións.

2. As aeroliñas de baixo custo son un modelo de negocio que, dende finais do século XX, está en progresiva expansión. O intelixente uso das novas tecnoloxías e de internet, a reconfiguración dos procesos vinculados ao transporte aéreo, a aplicación continua da innovación, ou a inventiva e a imaxinación no prestar novos servizos, son varias das características que explican o crecemento deste tipo de negocio. Consecuencia deste seu crecemento, algúns aeroportos exteriores respecto aos puntos nodais das densas redes de transporte están percibindo un sensible aumento do tráfico e dos pasaxeiros. No caso concreto de Galicia, resulta evidente o dicir que as liñas de baixo custo son a referencia no acceso ao transporte aéreo para un número importante e crecente de cidadáns, e por iso o galego ten que tomar posicións tamén neste ámbito.

Con este obxectivo, no proceso de deseño das liñas estratéxicas do departamento para 2009 estamos a valorar as posibilidades existentes de cara a integrar o galego neste ámbito no horizonte temporal do curto prazo. Unha liña estratéxica para cuxa execución, por suposto, quereremos tamén contar con Air Berlin, en canto liña de baixo custo presente en Galicia. En canto a programación desta liña estratéxica estea máis perfilada o noso departamento, por suposto, informará á súa señoría das medidas concretas a tomar, quedando igualmente abertos a calquera consideración ou proposta previas que se nos queiran achegar.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19

3. A nosa Secretaría Xeral non pode manifestarse por outros departamentos ou administracións. En todo caso, e no que atinxe exclusivamente ao ámbito das nosas competencias e funcións, Air Berlin non ten percibido ningún tipo de axuda pública, así como nin de outro tipo de financiamento directo ou indirecto.

4. En canto ao ámbito xeral das aeroliñas e voos comerciais, a SXPL distingue entre, por unha banda, as grandes aeroliñas, e por outra banda, as liñas de baixo custo. En canto ás primeiras, a SXPL ten constancia de que os dereitos lingüísticos están sendo respectados tanto na emisión de documentación como no trato ao cliente. En canto ás segundas, como vimos de dicir, a Secretaría Xeral está traballando xa nas accións a tomar neste ámbito de cara ao ano que vén e das que será cumpridamente informado, reiterándolle a nosa total dispoñibilidade de cara a incorporar ao proceso de toma de decisións calquera suxestión ou proposta que teña a ben achegarnos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel González Varela Flores



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia